

CIENCIAS SOCIAIS

O PLANETA TERRA E O SISTEMA SOLAR



Imos repasar nesta unidade de traballo moitas das cousas que vimos referentes ao noso planeta. Como é repaso, seguro que non atopas dificultade ningunha para facer todas as actividades moi ben.

Imos poñer novamente os nosos traxes espaciais e... 3,2,1,0 Despegamos!!





Premendo no seguinte enlace poderás ver un vídeo no que aprenderás moitas curiosidades sobre o **SISTEMA SOLAR**.

Vas ter que prestarlle moita atención porque nel están as solucións ás preguntas que hai a continuación. Recomendóche que o vaías parando a cada pouco para ir contestándoas.

Enlace: [El Sistema Solar para niños | Planeta a planeta | Recopilación](#)

1. Que raios solares son moi prexudiciais para a nosa pel? _____
2. Por que materiais está formado o Sol? _____
3. Cal é o planeta que xira máis rápido arredor do Sol? _____
4. Cal é o planeta máis caloroso do Sistema Solar? _____
5. Que Deusa romana do amor e da beleza lle deu nome a un planeta? _____
6. Cal é o único planeta cuxo movemento de rotación é contrario ao de todos os demais planetas? _____
7. Que porcentaxe da superficie da Terra está cuberta por auga? _____

8. Que chocou contra a Lúa para que na súa superficie haxa tantos cráteres?

9. Quen foi o primeiro humano en pisar a Lúa? _____
10. Que Deus da guerra da mitoloxía romana dá nome a un planeta? _____
11. Cal é coñecido como o planeta vermello? _____
12. En que planeta está o monte Olimpo?
13. Xa sabes que o Everest, con 8848 metros, é a montaña máis alta do planeta Terra. Averigua canto mide o monte Olimpo, que é o máis alto de todo o Sistema Solar.

14. Quen viu por primeira vez Marte e tamén os aneis de Saturno cun telescopio?

15. Cal é o planeta máis grande do Sistema Solar? _____
16. Cales son as lúas máis importantes de Xúpiter? _____
17. Cal é o planeta dos aneis? _____
18. Cal é o único planeta que fai o movemento de rotación de xeito vertical en vez de facelo de xeito horizontal coma todos os demais? _____
19. Que gas lles dá a Urano e a Neptuno as súas cores azuis? _____
20. Cal é o planeta máis alonxado do Sol? _____
21. ¿Que Deus romano dos océanos lle dá nome a un planeta? _____

O PLANETA TERRA

A **Terra** é o planeta no que vivimos. Está formado por tres capas:

ATMOSFERA (capa gasosa)

HIDROSFERA (capa líquida)

XEOSFERA (capa sólida)


No seguinte enlace podes ver un vídeo sobre as capas do noso planeta:

<https://www.youtube.com/watch?v=8IU npkTGwo>

Chamámoslle o **planeta azul** porque a súa superficie está cuberta maiormente por auga.

A Terra realiza dous movementos simultaneamente:


Movemento de **ROTACIÓN**:



- Xira sobre si mesma, dando lugar aos días e ás noites.
- Tarda 24 horas en dar unha volta completa.

Movemento de **TRANSLACIÓN**:

- Xira arredor do Sol dando lugar ás estacións.
- Tarda 365 días e 6 horas en completar unha volta.
- O percorrido imaxinario polo que vai chámase **ÓRBITA**.



22. Axudándote das primeiras páxinas do libro de texto ou dun dicionario DEFINE os seguintes termos:

ÓRBITA: _____

SOL: _____

SATÉLITE: _____

PLANETA: _____

A LÚA

A Lúa é o satélite do planeta Terra.



A Lúa xira arredor da Terra, e tarda 28 días en dar unha volta completa arredor dela.

Ao longo do mes lunar podemos vela con diferentes aspectos. É o que chamamos as fases da lúa, e son 4:



No seguinte enlace podedes ver un vídeo moi chulo sobre a Lúa e aprender curiosidades sobre ela.

<https://www.youtube.com/watch?v=lfPcs0cCjU>

Seguro que se prestaches atención ao vídeo podes contestar a estas preguntas sen equivocarte:

23. A que distancia están a Terra e a Lúa? _____

24. Canto tempo tarda un cohete en chegar á Lúa dende a Terra? _____

25. En que ano recibiu a Lúas aos seus primeiros visitantes terrícolas? _____

26. Como se chamaba o cohete no que viaxou o astronauta norteamericano Neil Armstrong ata a Lúa? _____

27. Que é o que provoca a Lúa coa súa atracción sobre os océanos do planeta Terra? _____

E agora... Iremos gozar un pouco cun vídeo musical do grupo musical **MECANO** (seguro que os teus pais o coñecen, ou incluso, ao mellor, tes algún disco deles na casa) no que nos conta a historia dunha cadeliña moi especial que se convertiu na superheroína da raza canina: **LAIKA**



<https://www.youtube.com/watch?v=nfXtqiRS64c>

28.E agora... Que vos parece se facemos un pouco de plástica? Apetécevos?



<https://www.youtube.com/watch?v=CV4kLJSammE>


Tedes que facer **AS FASES DA LÚA** empregando o seguinte material:

- un folio ou (se tes na casa) unha cartolina negra
- un vaso (se é de vidro tedes que ter moito coidado)
- rotuladores
- tres galletas oreo (si, si, galletas!)



INSTRUCCIÓNS:

1. Fai unha circunferencia no medio do folio ou da cartolina axudándote do vaso (agora tes que convertela no planeta Terra coloreándoa de azul, verde e marrón).
2. Separa unha parte negra de cada galleta. O recheo branco será a Lúa. As fases máis sinxelas de facer son a Lúa Nova e a Lúa Chea. Para facer o cuarto minguante e o cuarto crecente vas ter que comer parte do recheo ata que quede coa forma necesaria.
3. Cando teñas as 4 fases da Lúa tes que colocalas arredor da Terra e poñerlles o nome correspondente.



Aquí tes un esquema para que te fagas unha idea

4. Tes que poñerlle un título ao teu traballo (mellor con letras maiúsculas).
5. Recorda que eu valoro moito a creatividade e a curiosidade e limpeza no traballo, así que a maiores dese material podes empregar outros que creas que van a mellorar o resultado.
6. Cando teñas o teu traballo terminado envíame unha foto para velo!

ESTOU DESEXANDO VER AS VOSAS OBRAS MESTRAS.

MANS Á OBRA, ARTISTAS!

Formas de representación da Terra

Os **cartógrafos** son as persoas que se encargan de representar a superficie da Terra dende hai milleiros de anos.




De feito, o mapa máis antigo que se coñece fixérono no Antigo Exipto hai máis de 2000 anos.

É o **papiro de Artemidoro**.

As representacións da Terra eran moi útiles para explorar novos territorios, para delimitar os límites dos distintos reinos etc. e normalmente só tiñan acceso a eles as persoas máis poderosas.

Pero na antigüidade non tiñan medios para facelo ben, a tiñan que “debuxar” os mapas case de memoria ou vendo outros mapas e hoxe en día parece que están feitos por alguén que non tiña nin idea. Pero todo o contrario porque cos poucos recursos que tiñan facíanos moi ben.



Fixádevos neste mapa de Europa feito na Idade Media e comparádeo cun mapa actual. Parécense ben pouco verdade?

Pouco a pouco os cartógrafos foron facendo cada vez mapas máis exactos e precisos grazas a moitos inventos ao longo do tempo. Dous deles son:



- O **compás**. inventárono os chineses aló polo século IX e grazas a el as persoas podían orientarse no espazo e non perderse.

- O **GPS**

(**G**lobal **P**ositioning **S**ystem) foi creado na década de 1960 polo Departamento de Defensa dos EEUU, e actualmente ten infinidade de usos, como por exemplo localizar un montañeiro perdido, atopar a mellor ruta para ir a un lugar...



Un dos grandes problemas cos que se atoparon os cartógrafos era representar nun papel plano unha superficie con forma de esfera como é o noso planeta.

(aínda que xa sabes que en pleno século XXI e con toda a información que temos hai xente tan ignorante que pensa que a Terra é plana. Son os chamados terraplanistas, que non cren na ciencia e nos seus datos)

E como solucionaron ese problema?

Pois moi sinxelo...crearon o

globo terráqueo

É unha esfera que mantén a forma aproximada da Terra e as proporcións e formas dos continentes e dos océanos.



Ata é moi probable que teñas un pola casa!

OS MAPAS E OS PLANOS

malia que poidan parecer a mesma cousa non o son. Ambos darnos moita información sobre o territorio que representan, pero **os mapas** son representacións de territorios moi grandes como unha Comunidade Autónoma, un país ou un continente, mentres que **os planos** representan partes pequenas dunha superficie como unha cidade, unha vila, unha rúa, un edificio...

Os mapas poden ser físicos ou políticos.

Los **mapas físicos** representan as formas naturais do relevo: ríos, lagoas, mares, montes, cordilleiras...

Os **mapas políticos** representan as divisións que facemos os humanos: países, Comunidades Autónomas, provincias, cidades...



mapa físico




mapa político



plano da cidade de Lugo

29. Coa axuda do libro de texto ponlle nome aos elementos que aparecen no seguinte mapa e explica coas túas palabras por que son útiles.



1 _____

2 _____

3 _____

4 _____

30. Xa viches que hai planos e mapas de distinto tipo. **Averigua** o que é un **planisferio** e explícao coas túas propias palabras.

31. Sinala na fotografía a liña imaxinaria que divide o planeta Terra en dúas partes iguais (como cando cortamos ao medio unha laranxa) e escribe o seu nome no seguinte espazo.



Como se chama cada unha das partes en que esa liña divide a Terra?

32. No seguinte enlace podes acceder a unha actividade online. Recorda que, cando a termines, tesma que envía ao meu correo electrónico anxo.vilabrille@gmail.com

<https://www.liveworksheets.com/ok533279mv>

